



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xullo - Agosto 2026 • Nº 313



XULLO							AGOSTO						
L	M	MC	X	V	S	D	L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5						1	2
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30
							31						

**LEMBRA QUE NO MES DE AGOSTO
NON HABERÁ BOLETÍN!!
VÉMONOS EN SETEMBRO!!**

FOLLETO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2026-2027

■ Dispoñible ao longo do mes de xullo na web municipal.

En versión papel chegará co exemplar de setembro.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS CULTURAIS E DEPORTIVAS

2026 - 2027

LEMBRA O HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

■ Do 15 de xuño ao 15 de setembro: o horario de atención ao público de 9:00 a 13:00 horas.

XULGADO DE PAZ. ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES

■ Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 H.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos faros led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



MOITO OLLO!! ALTO RISCO DE INCENDIOS!!

■ Durante a época de alto risco de incendios, disposto entre o 1 de xullo e o 30 de setembro pola Consellería do Medio Rural, **ESTÁ PROHIBO:**



- AS QUEIMAS DE RESTOS AGRÍCOLAS.
- A REALIZACIÓN DE GRELLADAS E/OU FOGUEIRAS nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Este servizo gratuíto polo que aposta o concello de Vedra, NON DESCANSA EN VERÁN.

- En xullo: o martes 21.
- En agosto: o martes 18.

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

IMPORTANTE:
Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.





ASÍ FOI MUNICIPAL



Presenza do posto de Vedra na Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia en Silleda.



Participación de Vedra no encontro da Rede de Ciudades polo Clima en Castelfels.



Acto de clausura de participantes vedreses e vedresas no Programa "Camiños de Coñecemento" da USC para maiores de 55 anos.



Continúan as Xuntanzas co Alcalde nas 12 parroquias de Vedra.



Última etapa da tempada do Grupo de Sendeirismo, antes da parada estival.



Sesión Contacontos con Raquel Queizás na EIM de Vedra, dentro do Programa Rede Cultural 2026 da Deputación da Coruña.



Final da Copa do Sar Cadetes coa participación da "Vedra-Boqueixón E.D.".



Presentación do Programa "Correntes do Ulla" dos concellos de Vedra e Boqueixón.



Acto de doazón do Colectivo "As Mans da Avoa" á "Fundación Terra de Hombres".



Excursión á Peroxa e aos Peares da Terceira Idade de Vedra.



Bingo de Verán da Terceira Idade.



Sardiña da Terceira Idade.



Clausura das actividades deportivas en idade escolar:
Patinaxe, ximnasia rítmica, multideporte e baloncesto

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Curso de "Monitorado de voluntariado Ambiental" da Asociación Amabul.



Torneo de Fútbol F-8 do Club San Mamed.



Festival de Fin de Curso da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Festival Fin de Curso Teatro Papaventiñxs da Asociación Cultural Papaventos.



Concerto de Primavera da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Excursión da Asociación O Burgo a León.



Audicións en Familia da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Excursión de fin de curso da ANPA do CEIP Ortigueira.



Obradoiro de regueifas con Raquel Doallo e Luís Caruncho organizado pola ANPA CPI Plurilingüe de Vedra.



Obradoiro de xogos tradicionais coa Asociación Amabul, organizado pola ANPA do CPI Plurilingüe de Vedra.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

HORARIO DE ATENCIÓN:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

REMATAN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

■ Trátase dun espazo proposto polo noso alcalde para xuntarse coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra e tratar temas de interese xeral e

para dar respostas a todas as cuestións prantexadas.

AXENDA PARA XULLO!! ATENCIÓN AOS CAMBIOS!

DATA	LUGAR	HORARIO
Venres, 3 de xullo	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Mércores, 8 de xullo	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Luns, 13 de xullo	Centro Sociocultural de Vedra	Ás 20:30 horas
Martes, 21 de xullo	Local Social de San Xián	Ás 20:30 horas

Coworking

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN... NO VERÁN

■ En xullo este espazo abre no horario habitual.

En agosto só con cita previa e baixo demanda.

En setembro presentará a súa nova axenda de actividades.



A XANELA DA LINGUA...

CELGA. O GALEGO APRÉNDELO!!

■ O Celga é o sistema de certificación de lingua galega adaptado ao Marco europeo común de referencia para as linguas.

Os Celga permiten certificar o coñecemento que unha persoa ten do galego para os efectos de xustificar méritos ou requisitos laborais e académicos.

Os certificados obtéñense mediante un exame convocado pola

Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén é posible obter a validación Celga dos estudos previos de galego.

Na web <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo> tes toda a información:

- Que é o CELGA?
- Cantos niveis Celga hai?
- Como podemos obter un título Celga?
- Como preparamos as probas?



E tamén tes acceso aos seus teléfonos: 881 996 313 / 881 996 308 / 881 996 307 / 881 996 541 / 881 996 309 / 881 996 310 / 881 996 304

Enderezo electrónico: sxpl.pro-bascelga@xunta.gal



EN XULLO E AGOSTO... EN NEW YORK CON CARMÍÑA SANTOS

■ **Protagonista:** Carmiña Santos Fernández da parroquia de Ponte Ulla.

Destino: New York.

Partida: Ano 1990.

Obxectivo ou motivo da partida:

A nosa protagonista desta edición explícanos que dende moi pequena tiña na súa mente ir vivir a unha cidade, e que sendo unha moza buscou varias alternativas. Pensou ir a Mallorca, onde tiña unha amiga, pero non as tiña todas con ela e comentando a súa inqueda cun irmá de súa nai, que xa vivía na cidade dos rañaceos, este convenceuna que de querer ir a unha gran cidade, este destino era o ideal, sobre todo por contar con familia alí.

Nin o pensou!! E o frechazo con New York foi a primeira vista. Todo lle gustaba de estar alí, a súa forma de vida, as súas enormes posibilidades,... E por riba ao pouco tempo coñece a Julio, outro galego neste caso de Ourense, que pronto se convertería no seu compañeiro de vida.

Con el, decidiron quedarse “algúns anos” e despois volver para Galicia,



mesmo fixeron unha casa na terra natal de Julio. Pero as contas da casa non dan coas da praza e as cousas foron cambiando. Chegou Melisa, a súa única filla, e sendo nai as razóns para quedarse nesa gran cidade seguiron medrando, ao punto que na actualidade e despois de 36 anos sigan do outro lado do Atlántico.

Anécdota: “Non esquezo nunca os inicios desta aventura, traballando de camareira en eventos VIP sen coñecer o idioma e coa inseguridade que iso supón. Lembro como se fose hoxe a primeira festa, esta-

ba de auxiliar da barra e cada vez que me parecía que alguén se me achegaba deixaba todo o que tiña na man e marchaba, polo medo a ter que interactuar con alguén nun idioma que non coñecía. Isto pasoume moitas veces,... antes de superar a barreira do idioma”

“Volvo cada ano a Vedra, antes cada verán, agora quero vir no verán e no inverno. E este ritual non mo fixo perder nin a pandemia, na que conseguín viaxar, pero o certo é que recordo esa viaxe con moitos medos e intranquilidade”

INFORMACIÓN SOBRE A SECCIÓN...

Cada mes contamos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda,



traballa, fóra do noso territorio. Cóntanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo. Escríbenos a cultura@concello-devedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.

Deporte

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE VEDRA

■ Solicitud de concesión anual a clubs deportivos para a práctica de actividade deportiva regular (adestramentos e competicións federadas) a clubs deportivos para a tempada 26-27.

- **Prazo de solicitude:** Aberto do 1 ao 15 de xullo de 2026.

- EN LIÑA na sede electrónica do concello de Vedra (cubríndo a solicitude xeral).

- PRESENCIALMENTE nas oficinas do concello no horario de atención ao público.

- Resolución: 31 de xullo de 2026.

- Inicio da concesión de uso: 1 de setembro de 2026.

Toda a información na web municipal.



NO VERÁN APÚNTATE TAMÉN Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra continúa a darlles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.

Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, DNI, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00h).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.



Protección Animal

CAMPAÑA MICROCHIP DE MASCOTAS

■ Un ano máis imos realizar unha xornada de colocación de microchip de cans e gatos na Casa do Concello de Vedra. Será probablemente no mes de setembro, pero fixaremos a data cando teñamos un número de persoas suficiente para a campaña.

Se tedes interese en beneficiarvos desta iniciativa debedes mandar un correo a: vanessa.crespo@concellodevedra.gal ou chamar ao teléfono: 881 074 404 para que poidamos anotarvos e darvos máis información. O prezo será de 27 euros por microchip.

Recordamos que é obrigatorio por lei identificar tanto a cans como a gatos e que non facelo pode supor sancións de entre 10.000 e 50.000 euros.

Aquelas persoas que non poidan acudir ese día teñen a opción aberta todo o ano de poder levalos á clínica colaboradora pero antes deberán contactar co concello a través dos medios arriba indicados.



VOLUNTARIADO PARA PROTECCIÓN ANIMAL

■ Trátase dunha campaña para a captación de voluntariado destinado ao servizo de protección animal do concello de Vedra.

Formar parte desta rede de voluntariado é moi sinxelo, só é necesario escribir ao correo: medioambiente@concellodevedra.gal ou chamar aos teléfonos: 881 074 404 e 604 022 893



PROGRAMA CORRENTES DO ULLA

■ Unha iniciativa conxunta dos concellos de Vedra e Boqueixón que acolle sete actividades co río Ulla como eixo central e que inclúen piragüismo, rutas de sendeirismo, ioga, rutas para descubrir o patrimonio oculto e un campo de voluntariado.



correntes do Ulla

DESCENSO DO ULLA
27 de xuño.
Percorrido: Desde o Campo do río da Ponte Ledesma (Boqueixón) ata a Área de Recreo de Agronovo (Vedra).
Prezo: 30 € por persoa (inclúe kajak de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro).
Observacións: Poderán participar as persoas maiores de 13 anos con autorización.
Prazas limitadas.

YOGA NA BEIRA DO ULLA
18 de xuño.
Imparte: Xos Raimón.
Lugar: Área de Recreo de Sucira (Boqueixón).
Horario: De 18:00 a 20:00 horas.
Prazas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "MONTE SACRO"
Do 21 de xuño ao 1 de agosto.
Arqueoloxía + medio ambiente.
Idades: De 18 a 30 anos.
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude.
Prazas limitadas.

ROTA DO GOZA DO ULLA (VÍA DA PRATA - SAN XOÁN DA COVA)
2 de agosto.
Percorrido: Saída ás 10:00 horas da Capela do Santiaguíño, enlazando coa ruta de San Xoán da Cova ata a Área de Recreo de Cubelas.
Distancia: 16 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

ROTA DO PATRIMONIO OCULTO DE VEDRA E BOQUEIXÓN (ARQUITECTURA DO VIÑO)
8 de agosto.
Horario: De 10:30 a 13:30 horas.
Observacións: Inclúe cata-degustación.
Prazas limitadas.

YOGA NA BEIRA DO ULLA
14 de agosto.
Imparte: Ana María García Lillores.
Lugar: Área de Recreo de Cubelas (Vedra).
Horario: De 18:00 a 20:00 horas.
Prazas limitadas.

* información e inscricións en:
www.concellodevedra.gal e www.boqueixon.gal

Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, XUNTA DE GALICIA, Xacobeo 2027, Deputación da Coruña

OFICINA DE TURISMO

■ Na Casa Reitoral de Ponte Ulla. Horario: Todos os días de xuño e agosto de 10:00 a 16:00 h.

SERVIZO DE ALUGUER DE CAIACS E BICIS

Venres, sábados e domingos
de 16:00 a 20:00 h.
Prezo: 5 €/persoa
Duración: 45 min.

AREA DE RECREO DE AGRONOVO

XULLO E AGOSTO

ALUGUER DE KAIACS E
TÁBOAS DE PADDLE SURF

+ Información:
981814612 - 669450804
turismo@concellodevedra.gal




GOZA DO ULLA 2026 EN VEDRA

■ DATA: DOMINGO 2 DE AGOSTO.
PERCORRIDO: Vía da Prata - San Xoán da Cova-
16 km aprox.

Saída ás 10:00 horas da Capela do Santiaguíño, enlazando coa ruta de San Xoán da Cova ata a Área de Recreo de Cubelas.

Dificultade: Media - baixa.

Inscricións dispoñibles a través da web municipal.



GOZA DO ULLA 2026

SÁBADO, 30 DE MAIO
BOQUEIXÓN - ROTEIRO DOS PESCADORES

SÁBADO, 06 DE XUÑO
DODRO - AS BRAÑAS DE LAÍÑO

DOMINGO, 12 DE XUÑO
ANTAS DE ULLA - ULLOANDO POLO NACEMENTO

SÁBADO, 01 DE AGOSTO
AGOLADA - CANLE DE RAMIL

DOMINGO, 02 DE AGOSTO
VEDRA - VÍA DA PRATA - SAN XOÁN DA COVA

SÁBADO, 29 DE AGOSTO
A ESTRADA - OS SONS DO ULLA

DOMINGO, 30 DE AGOSTO
PONTECESURES - PONTECESURES Á BEIRA DO ULLA

SÁBADO, 05 DE SETEMBRO
MONTERROSO - O MUÍÑO DO ALEMÁN

DOMINGO, 06 DE SETEMBRO
TEO - RUTA DA RIBEIRA DO ULLA TEENSE

SÁBADO, 12 DE SETEMBRO
VILA DE CRUCES - TOURO - AS DÚAS BEIRAS DO ULLA

DOMINGO, 13 DE SETEMBRO
VILAGARCÍA DE AROUSA - XIABRE, O ULLA E A RIA

SÁBADO, 19 DE SETEMBRO
PALAS DE REI - TORRENTES DE MÁCARA

DOMINGO, 20 DE SETEMBRO
ARZÚA - RUTA FERVENZA DAS HORTAS

SÁBADO, 26 DE SETEMBRO
VALGA - O ULLA, ENTRE PATRIMONIO E TRADICIÓN

DOMINGO, 27 DE SETEMBRO
RIANXO - As Tres Cruces

SÁBADO, 03 DE OUTUBRO
SILLEDA - A XUNTA DOS RÍOS DEZA - ULLA

DOMINGO, 04 DE OUTUBRO
CATOIRA - RUTA DE SAN CIBRÁN

SÁBADO, 10 DE OUTUBRO
PADRÓN - POLAS BEIRAS DO ULLA

SÁBADO, 24 DE OUTUBRO
SANTISO - RUTA DE BEIGONDO

PERCORRIDO POLAS RUTAS DE SENDEIRISMO DOS CONCELLOS DO ULLA
Programa promovido polos concellos de Agolada, A Estrada, Antas de Ulla, Arzúa, Boqueixón, Catoira, Dodro, Monterroso, Padrón, Palas de Rei, Pontecesuras, Rianxo, Santiso, Silleda, Tego, Tor, Valga, Vedra, Vila de Cruces e Vilagarcía de Arousa.

* INFORMACIÓN:
Oficina de Información Turística dos concellos participantes e no e-mail: gozadoulla@gmail.com

PISCINA MUNICIPAL

■ Nos meses de xullo e agosto. En horario de tarde todos os días (agás en caso de mal tempo).



PISCINA MUNICIPAL - TARIFAS 2025

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: ENTRADA GRATÍS.
- Maiores de 65 anos: 1,00 €.
- Menores de 18 anos: 1,00 €.
- Maiores de 18 anos: 2,00 €.

Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: 1,00 €.
- Maiores de 65 anos: 2,00 €.
- Menores de 18 anos: 2,00 €.
- Maiores de 18 anos: 3,00 €.

2) BONO:

Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos
 - A) Bono de 12 baños: 6,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 8,00 €.
- Maiores de 14 anos
 - A) Bono de 12 baños: 10,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 15,00 €.

Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos
 - A) Bono de 12 baños: 12,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 16,00 €.
- Maiores de 14 anos
 - A) Bono de 12 baños: 20,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 30,00 €.

3) ABONOS FAMILIARES:

- (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 18 anos)
- PARA FAMILIAS DE VEDRA: 36,00 €/tempada.
- PARA FAMILIAS DE FÓRA DE VEDRA: 100,00 €/tempada.

4) ABONOS INDIVIDUALES:

- Para persoas empadroadas en Vedra: 30,00 €
- Para persoas non empadroadas en Vedra: 80,00 €

5) CURSOS DE NATACIÓN (obrigatorio estar abonado)

- Cursos para persoas menores de 14 anos: 7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
- Cursos para persoas maiores de 14 anos: 13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.



LUDOVERÁN EN XULLO E AGOSTO EN HORARIO DE MAÑÁ VIVIMOS UNHA AVENTURA CO TEMPO COMO PROTAGONISTA!!!!

■ Nesta época de verán a cativada dispón de tempo libre e dende a ludoteca consideran axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo nun marco lúdico.

Nesta etapa serán protagonistas da súa propia aventura converténdose en axentes temporais atopando unha máquina do tempo avariada. Así repasarán as etapas da historia ao tempo que gozarán dun verán diferente e moi divertido.



CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO (VPH)

■ A Dirección Xeral de Saúde Pública do SERGAS amplía de forma moi significativa a poboación con acceso gratuíto á vacinación fronte a este Virus do Papiloma Humano (VPH).

NOVIDADE!! Agora poden vacinarse os varóns de ata 25 anos (antes a idade era só ata os 22 anos) (nados a partir de 2001).

SE É O TEU CASO... PARA VACINARTE... TES QUE SOLICITALO NO CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA OU A TRAVÉS DA APP DO SERGAS. Infografía dispoñible na web municipal.

CAMPAÑA DE DOAZÓN EN VEDRA O MÉRCORES 8 DE XULLO

■ Unha vez máis a Unidade Móbil de Doazón da Xunta de Galicia visita Vedra.



DATA: mércores 8 de xullo.

HORARIOS:

- De 9:30 a 11:30 h., diante da Casa do Concello de Vedra.
- De 12:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 21:00 h., en Santa Cruz de Ribadulla (diante da de Carrillo).



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

- **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.
- **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693.

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

EN XULLO E AGOSTO O CENTRO SOCIAL PERMANECERÁ PECHADO

■ Excursión á praia - "Comida campestre" Outes-Broña

Martes 7 de xullo.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas

Programa: preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas

zonas de sombra... Visitaremos lugares de interese da zona; e tempo de praia. (O prazo de inscrición ábrese o xoves 2 de xullo ás 17:00 h. de xeito presencial no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por orde de inscrición).

■ Celebración da patroa do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.

Sábado 12 de setembro ás 13:00 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os/as que queiran poden levar a comida... Actuación musical.

IMPORTANTE: No exemplar de setembro do boletín sairá toda a información de actividades do vindeiro curso 2026/2027.

LUDOTECA CURSO 2026/2027

■ LEMBRA!

O prazo de inscrición para os servizos de madrugada e ludoteca para o curso 2026/2027 está aberto ata o 15 de xullo.

IMPORTANTE!! As persoas que queiran facer uso deste servizo para este vindeiro curso escolar DEBEN SOLICITALO NESTE PRAZO INDICADO presencialmente ou a través da sede electrónica. **OLLO:** O horario da ludoteca dende o 1 de setembro ata o inicio de

curso será de 08:30 a 14:30 h. (e para asistir tamén deben facer a matrícula para o curso).

Toda a información sobre o procedemento de solicitude na web municipal www.concellodevedra.gal. Máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou 699 041 486.



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE IGUALDAD

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA AGADEA

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON DEMENCIA



Onde? No Centro Sociocultural de Vedra
Cando? De Luns a Venres. Horario de 10:00h a 13:00h

Contacta con nós en:

Servizos Sociais: 981 814 612

Traballadora Social Agadea: 722 743 092 - cdiasalgueirinos@agadea.org





FESTAS EN XULLO E AGOSTO

XULLO

■ FESTAS PATRONAIS EN SAN CRISTOVO DE MERÍN

• 10 DE XULLO:

Día de San Cristovo. Misa Solemne na honra a San Cristovo ás 21:00 h. e bendición de todos os vehículos presentes. Seguidamente verbena a cargo do "Grupo de Gaitas Os Laxeiros" e do "Grupo Fuxsion Latina".

• 11 DE XULLO:

Día do Santísimo. Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú coa charanga "Os Atrevidos".

• 12 DE XULLO:

Misa solemne ás 13:00 horas e sesión vermú a cargo do "Grupo de Gaitas, Pandereteiras e Baile EMBT da Asoc. Cultural San Campio".

■ FESTAS DO CARME EN TROBE

• 18 DE XULLO: (aínda por definir).

• 19 DE XULLO:

Misa solemne ás 13:00 horas e sesión vermú e verbena coas Bandas de Música de Santa Cruz de Ribadulla e Calo.

• 20 DE XULLO:

Sesión vermú e festa co "Grupo Eureka" e "Charleston Big-Band".

■ FESTAS EN PONTE ULLA

• 25 DE XULLO:

Festa na Honra da Madalena. Misa solemne ás 13:00 horas. Sesión vermú e concerto a cargo da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla e "TARDEO E VERBENA" dende as 20.30 horas co "Dúo Arcángel" e o "Grupo La Disquetera".

• 26 DE XULLO:

Festa na Honra do Santísimo. Misa solemne ás 13:00 horas. Sesión vermú e concerto a cargo das Bandas de

Música "Santa Cruz de Ribadulla" e a Banda de "Arca". Pola noite concerto das mesmas bandas e fogos de artificio a cargo de "Pirotecnica Penide".

AGOSTO

■ FESTAS EN SAN FINS

• 1 DE AGOSTO:

Sesión vermú. Vebena co "Dúo A2" e "Disco Móbil Chocolate".

• 2 DE AGOSTO:

Sesión vermú coa "Banda de Lira". A NOVIDADE SERÁ A SESIÓN TARDEO a partir das 18 horas con "Disco Móbil CDC (Martín)" " Marcos Magán", "Kike Varela" e a orquestra "Los Coleguitas".

• 3 DE AGOSTO:

Sesión vermú. Festa coa "Orquestra Finisterre" e "Trío Manhattan".

■ XV FESTA DO CHOURIZO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN.

• 2 DE AGOSTO:

Área Recreativa de Cubelas.

■ FESTAS EN SAN MAMEDE DE RIBADULLA.

• 7 DE AGOSTO:

Misa solemne e sesión vermú a cargo da charanga "Os Intocables". A partir das 18:30 horas festa infantil (de balde) con inchables, festa da espuma e outras novidades. De seguido verbena amenizada pola orquestra Sinfonía e Dj "Marcos Peón".

• 8 DE AGOSTO:

Misa solemne e sesión vermú a cargo da charanga "Os Intocables". Pola noite verbena co "Tren da Unha" e "Supermirafiori" (con música dos 80).

■ FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

• Novena do 1 ao 9 de agosto ás 20:00 h.

• Misa cantada os días 10 e 11 ás 13:00 h.

• 9 DE AGOSTO:

Verbena co "Dúo Reflejos" e "Disco-móvil Chocolate".

• 10 DE AGOSTO:

Sesión vermú, concerto e verbena a cargo da "Banda de Santa Cruz de Ribadulla" e a "Banda Artística de Merza".

• 11 DE AGOSTO:

Sesión vermú co "Dúo Background (Diego Moireira e Néstor Peña) e verbena a cargo das Orquestras "Origen" e "Panorama City".

■ FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN VILANOVA

• 20 DE AGOSTO:

"DÍA DA SARDIÑADA" con procesión dende a Igrexa Parroquial ás 21:00 horas ata a Capela do Santiaguíño e novena. Ao rematar gran sardiñada e churrascada amenizada pola "Charanga Os Intocables".

• 22 DE AGOSTO:

OBRA "A TRASLACIÓN DOS RES-TOS DO APÓSTOLO" da Asociación Cultural Santiaguíño. (Ás 21:30 horas no Campo da Festa do Santiaguíño).

• 28 DE AGOSTO:

"DÍA DAS VÉSPERAS" Comezo da verbena co "Trío Azahar" e actuacións de "ORQUESTRA OLYMPUS" e "DISCO MÓBIL MEGA CDC".

• 29 DE AGOSTO:

"DÍA GRANDE". Gran salva de bombas ás 9:00 h. a cargo de Pirotecnica Gaitero. Misa solemne ás 13:00 h., pasarrúas e sesión vermú a cargo da "BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA" e verbena a cargo das orquestras "FINISTERRE" e "CHANEL".

AS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA-BOQUEIXÓN ABREN O PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA A TEMPADA 26/27



VEDRA-BOQUEIXÓN
ESCOLA DEPORTIVA

INSCRIPCIÓNS ABERTAS

TEMPADA 2026-2027

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2008, 2009 e 2010
Cadete	2011 e 2012
Infantil	2013 e 2014
Alevín	2015 e 2016
Benxamín	2017 e 2018
Prebenxamín	2019 e 2020
Biberón	2021 e 2022

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.vedraboqueixoned.org>

+ Información

vedraboqueixoned@gmail.com
622 62 92 05
<https://www.vedraboqueixoned.org>

Logos: REAL FEDERACIÓN GALIÇA DE FÚTBOL, XUNTA DE GALICIA, Deputación de CORUÑA, Concello de Vedra, Ferroglobe, Olla!, GALICIA SAUDABLE, DEPORTE GALEGO, NEN

A ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA NON DESCANSA NO VERÁN

Programa das súas actividades para os meses de xullo e agosto:

- Domingo, 19 de xullo, polbo e churrasco a fartar, no Xirimbao. Na sobremesa, baile ata cansar.
- Sábado, 8 de agosto. Excursión ao Mercado Medieval de Mondoñedo, declarado de Interese Turístico.

Máis información e inscricións: 639 811 666.

BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA: XXIII FESTIVAL DE BANDAS DO PATIO OS DÍAS 2 e 4 DE XULLO

Dous días de MÚSICA EN MAIUSCULAS no Pazo de Ortigueira cun cartel de luxo que non te podes perder!!

Xoves 2 | XULLO | 2026 21.30 h

BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA
JESÚS MOGO MERA
(EX CONCURSANTE LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS)

Sábado 4 | XULLO | 2026 19:00 h

BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE BARRO
BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DA ESTRADA
BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA

Parabéns

A DON JOSÉ SÁNCHEZ PISO, SACERDOTE DAS PARROQUIAS DE VEDRA, SAN XIÁN, SAN FINS DE SALES, TROBE E ILLOBRE.

Polo seu recentemente nomeamento como cóengo da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Unha designación do Arcebispo para reforzar e impulsar o desempeño do ministerio capitular, especialmente co horizonte do próximo ano xubileo.



ÁO MEL BERCE

Por acadar unha nova distinción pola súa calidade.

Nesta ocasión a Copa de Prata ao Sabor Excelente nos Premios ao Mellor Mel no "Excellent Taste London 2026".



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS